

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude debido ao retraso dunha valoración de dependencia

Expediente: G.6.Q/11748/23

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Sra. conselleira :

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxx referente ao retraso dunha revisión de dependencia e do PIA.

#### ANTECEDENTES

1. No escrito indica: *solicitada revisión de grao e pia, non resolven no tempo establecido pola lei.*

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

*“En relación coa queixa presentada en data 06/06/2023 por xxx (DNI: xxx) en representación de xxx (DNI: xxx) referente á demora na tramitación do seu expediente, cómpre emitir o seguinte INFORME:*

*Primeiro.- Con data 10/04/2019, xxx (DNI: xxx) formulou solicitude recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións, de acordo co establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.*

*O día 27/09/2019 a persoa interesada foi valorada polo Órgano de Valoración da Dependencia de Lugo obtendo unha puntuación total de 26 puntos.*

*Na resolución de data 16/12/2019, de acordo coa proposta do órgano técnico de valoración, foi recoñecida unha situación de dependencia en grao I permanente.*

*Segundo.- Con data 05/05/2020 e ante á ausencia dalgúns documentos imprescindibles para a tramitación do correspondente expediente, a persoa interesada foi requirida ao abeiro do artigo 21 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento*

*para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.*

*Dito requirimento foi atendido en datas 22/05/202 e 07/07/2020.*

*Terceiro.- A resolución de aprobación do Programa Individual de Atención (PIA) de de data 26/10/2020 recoñeceu á interesada a inclusión no programa de asignación de recursos para o acceso ao servizo público 010201 Atención de carácter persoal e doméstico na realización das ABVD no propio domicilio e acompañamento persoal doutras actividades complementarias (carteira de servizos comúns) en función dunha intensidade comprendida no intervalo de 1 a 20 horas. - 010401 teleasistencia básica (carteira de servizos comúns).*

*Cuarto.- Con data 18/05/2021 foi presentada solicitude de revisión da situación de dependencia a instancia de parte.*

*O día 14/01/2022 a persoa interesada foi valorada polo Órgano de Valoración da Dependencia de Lugo obtendo unha puntuación total de 54 puntos.*

*Na resolución de data 20/04/2022, de acordo coa proposta do órgano técnico de valoración, foi recoñecida unha situación de dependencia en grao II permanente.*

*Quinto.- A resolución de aprobación do Programa Individual de Atención (PIA) de de data 02/05/2022 recoñeceu á interesada a inclusión no programa de asignación de recursos para o acceso ao servizo público 010201 Atención de carácter persoal e doméstico na realización das ABVD no propio domicilio e acompañamento persoal doutras actividades complementarias (carteira de servizos comúns) en función dunha intensidade comprendida no intervalo de 21 a 45 horas. - 010401 teleasistencia básica (carteira de servizos comúns).*

*Sexto.- Con data 16/11/2022 foi presentada solicitude de revisión da situación de dependencia a instancia de parte. A expectativa de servizo é atención residencial.*

*Sétimo.- Con data 08/02/2023 e ante á ausencia dalgúns documentos imprescindibles para a tramitación do correspondente expediente, a persoa interesada foi requirida ao abeiro do artigo 21 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro.*

*Dito requirimento foi atendido con data 28/02/2023.*

*Oitavo.- O día 06/06/2023 foi presentada queixa por xxx en representación de xxx conforme ao Decreto 129/2016 de 15 de setembro polo que se regula a atención á*

*ciudadanía no sector público de Galicia, ante a suposta demora na tramitación do expediente.*

*Ante iso, cómpre sinalar que:*

*As valoracións de grao estanse a realizar conforme orde de entrada da solicitude. Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión da situación de dependencia cuxa iniciación debe seguir o rigoroso orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 26.1 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.*

*Esta orde de iniciación só pode ser modificada nos casos previstos no propio decreto, que no artigo 16 recolle os seguintes supostos de emerxencia:*

- Unha situación de desamparo ou abandono*
- Malos tratos físicos e/ou psíquicos*
- Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica*

*E no artigo 26.3, que establece a prioridade dos expedientes de menores de tres anos.*

*A Instrución nº 1/2015 da Secretaría xeral de Política Social de 16 de marzo pola que se modifica a circular 4/2012 de 29 de novembro, amplía o criterio de excepcionalidade na tramitación dos expedientes aos que se lle determina como modalidade de intervención adecuada a libranza de coidados no contorno familiar ás persoas en situación de dependencia de cen ou máis anos de idade.*

*A Instrución nº 6 da Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade de data 6 de setembro de 2018, establece que nos casos de persoas con diagnóstico de Esclerose Lateral Amiotrófica, as solicitudes de recoñecemento da situación de dependencia (iniciais e de revisión) tramitaranse no prazo máximo de 1 mes desde a entrada no Departamento Territorial correspondente.*

*Unha vez iniciado o procedemento, na súa tramitación a orde de prelación tamén ven taxada no artigo 26.2 do Decreto 15/2010.*

*O suposto obxecto deste Informe non se atopa nas situacións de excepcionalidade recollidas pola norma, polo que este Servizo non ten soporte normativo para poder dar prioridade á solicitude.*

*2.- Debido a un elevado número de solicitudes, estase a producir de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que está a demorar os prazos nos que se citan aos usuarios e se notifican as resolucións.*

*Consultado o seu expediente consta que está pendente de cita para nova valoración”.*

#### ANÁLISE

1. O informe confirma o retraso da revisión da valoración, posto que a solicitude é do 11 de novembro de 2022.

2. Nos últimos anos aumentaron as queixas polos retrasos das valoracións e a consellería confirmou a existencia deses retrasos. A consellería recoñeceu a necesidade de adoptar medidas para solucionar a situación, na liña indicada nas nosas recomendacións.

3. Os retrasos nas valoracións retrasan a atención ás persoas con dependencia, que despois da valoración terán que esperar pola aprobación do programa de atención. Por iso o prazo debe computarse globalmente, tal e como prevé a lei (6 meses de máximo para valorar e resolver sobre a atención). Mesmo despois poden darse esperas na efectividade do servizo.

4. O 26/5/21 aprobouse no Consello da Xunta un plan de choque para acadar a simplificación normativa e administrativa e o reforzo de persoal. Máis adiante confirmouse que os reforzos se atopaban en marcha en todas as áreas provinciais e que se iniciaran os trámites para modificar a normativa de cara a simplificación indicada.

5. A consellería indica que os expedientes tramítanse pola orde prevista, que só pode alterarse en caso de presenza das circunstancias previstas legalmente. Porén, o feito de que a consellería respecte a dita ordenación non xustifica os retrasos que tratamos. Por iso parece preciso que se adopten todas as medidas anunciadas e as demais precisas para corrixir a situación que tratamos.

6. A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, na súa Disposición Final Primeira, preceptúa que “o prazo máximo, entre a data de entrada da solicitude e a de resolución de recoñecemento da prestación de dependencia, será de seis meses, independentemente de que a Administración Competente establecera un procedemento diferenciado para o recoñecemento da situación de dependencia e o de prestacións”.

7. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de

atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

Pola súa banda, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prevé que os prazos obrigan ás Autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos (art. 29); e que a resolución dos procedementos deberá notificarse aos cidadáns no prazo máximo fixado na normativa específica, que se computará, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, dende a entrada da mesma no rexistro administrativo (art. 21.2 e 3).

8. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

*Que se habiliten as medidas anunciadas e as demais precisas para corrixir os retrasos nas valoracións de dependencia, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o acceso aos servizos e prestacións, e que se resolva sobre a valoración pendente no suposto obxecto da queixa, que se atopa retrasada.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.



María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo